



CONCELLO DE
SANTIAGO

Expediente: Obras de "Mellora e rehabilitación de pavimentos en viais das parroquias de Sabugueira, Figueiras e Marrozos" (POS-2016 complementario)

Asunto: Ordenación das ofertas económicas segundo factor prezo e determinación das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

INFORME TÉCNICO

Obxecto

Redáctase o presente informe técnico para a ordenación das ofertas económicas (sobre C) segundo o criterio de valoración factor prezo (cláusula 9) e para a determinación das ofertas con valores anormais ou desproporcionados (cláusula 15.3) do procedemento de contratación das obras de "**Mellora e rehabilitación de pavimentos en viais das parroquias de Sabugueira, Figueiras e Marrozos**", incluídas no POS-2016 complementario da Excm. Deputación Provincial da Coruña, de acordo co seu Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) e coa documentación do expediente de referencia CON/43/2017.

Apertura sobre C

Con anterioridade, e despois de revisar a documentación do sobre A presentado polos licitadores, todos eles foron admitidos.

Con data 14/11/2017 celebrouse a reunión da mesa de contratación para a apertura do sobre C dos licitadores non excluídos ata dito momento. Efectuada a mesma, non se detectaron incidencias que apuntar. En consecuencia, as ofertas económicas dos licitadores que continúan no procedemento foron:

Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO (sen I.V.E.)	BAIXA	VINCULADAS
1	OBRAS Y VIALES CERNE, S.L.	114.275,00 €	34,86%	
2	COSMALCA, S.L.	123.554,14 €	29,57%	
3	ANTONIO FILLOY, S.A.	99.453,04 €	43,31%	
4	DESMACO, S.L.	148.332,33 €	15,45%	
5	MISTURAS OBRAS E PROXECTOS, S.A.	130.311,00 €	25,72%	
6	SAGADE 2009, S.L.	160.117,82 €	8,73%	
7	ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L.	109.115,70 €	37,80%	
8	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	125.083,82 €	28,70%	
9	SEÑALIZACIONES LAFUENTE, S.L.	104.698,49 €	40,32%	
10	CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	130.000,00 €	25,90%	
11	MARTÍNEZ MONTES E HIJOS, S.L.	114.200,00 €	34,90%	
12	EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L.	122.099,78 €	30,40%	
13	CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS, S.L.	111.645,64 €	36,36%	13 / 14 / 15
14	CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.	110.891,28 €	36,79%	13 / 14 / 15
15	SONDEOS PORZUNA, S.L.	112.821,05 €	35,69%	13 / 14 / 15
16	OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L. (OVIGA)	106.958,68 €	39,03%	
17	ALCOMTE GALICIA, S.L.	107.884,30 €	38,50%	
18	EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L.	117.130,36 €	33,23%	
19	FRANCISCO GÓMEZ Y CIA., S.L.	117.994,00 €	32,74%	
20	GR CONSTRUCCIONES OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U.	116.961,17 €	33,33%	

21	CONSTRUCCIONES GONZALEZ Y GONZALEZ, S.L.	102.505,58 €	41,57%	
22	EMPRESA DE MEZCLAS ASFÁLTICAS, S.L.	112.610,53 €	35,81%	22 / 27
23	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.	131.609,94 €	24,98%	
24	HORDESCON, S.L.	130.101,21 €	25,84%	
25	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (MARCONSA)	140.898,96 €	19,69%	
26	SYR-AMG, S.L.U.	117.627,84 €	32,95%	
27	ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, S.L.	112.066,68 €	36,12%	22 / 27
28	NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A. (NOSA)	117.136,70 €	33,23%	

Orzamento I.V.E. incluído (anexo I.3.A):	212.274,09 €
Orzamento base (sen 21% de I.V.E.):	175.433,13 €
Prazo de execución (anexo I.6):	4 meses

Ordenación das ofertas segundo o criterio de valoración

De acordo coa cláusula 9 do PCAP, o contrato, sen prexuízo do establecido no mesmo en relación coas ofertas con valores anormais ou desproporcionados, adxudicarase á empresa que presente a oferta económica mais vantaxosa consistente no prezo mais baixo.

Preséntase a continuación a ordenación de menor a maior dos licitadores segundo o prezo ofertado para o contrato:

ORDENACIÓN OFERTAS	Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	FREZO (sen I.V.E.)	BAIXA
1º	3	ANTONIO FILLOY, S.A.	99.453,04 €	43,31%
2º	21	CONSTRUCCIONES GONZALEZ Y GONZALEZ, S.L.	102.505,58 €	41,57%
3º	9	SEÑALIZACIONES LAFUENTE, S.L.	104.698,49 €	40,32%
4º	16	OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L. (OVIGA)	106.958,68 €	39,03%
5º	17	ALCOMTE GALICIA, S.L.	107.884,30 €	38,50%
6º	7	ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L.	109.115,70 €	37,80%
7º	14	CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.	110.891,28 €	36,79%
8º	13	CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS, S.L.	111.645,64 €	36,36%
9º	27	ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, S.L.	112.066,68 €	36,12%
10º	22	EMPRESA DE MEZCLAS ASFÁLTICAS, S.L.	112.610,53 €	35,81%
11º	15	SONDEOS PORZUNA, S.L.	112.821,05 €	35,69%
12º	11	MARTÍNEZ MONTES E HIJOS, S.L.	114.200,00 €	34,90%
13º	1	OBRAS Y VIALES CERNE, S.L.	114.275,00 €	34,86%
14º	20	GR CONSTRUCCIONES OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U.	116.961,17 €	33,33%
15º	18	EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L.	117.130,36 €	33,23%
16º	28	NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A. (NOSA)	117.136,70 €	33,23%
17º	26	SYR-AMG, S.L.U.	117.627,84 €	32,95%
18º	19	FRANCISCO GÓMEZ Y CIA., S.L.	117.994,00 €	32,74%
19º	12	EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L.	122.099,78 €	30,40%
20º	2	COSMALCA, S.L.	123.554,14 €	29,57%
21º	8	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	125.083,82 €	28,70%
22º	10	CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	130.000,00 €	25,90%
23º	24	HORDESCON, S.L.	130.101,21 €	25,84%
24º	5	MISTURAS OBRAS E PROXECTOS, S.A.	130.311,00 €	25,72%
25º	23	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.	131.609,94 €	24,98%
26º	25	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (MARCONSA)	140.898,96 €	19,69%
27º	4	DESMACO, S.L.	148.332,33 €	15,45%
28º	6	SAGADE 2009, S.L.	160.117,82 €	8,73%

Determinación ofertas económicas con valores anormais ou desproporcionados

De conformidade coas consultas efectuadas á Sección de Contratación en anteriores procedementos de licitación, no caso de concorrencia de empresas vinculadas, é de aplicación o artigo 86 do Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RGLCAP). En consecuencia, para aplicar o réxime de apreciación de ofertas económicas con valores anormais ou desproporcionados, para cada grupo de empresas vinculadas tomarase unicamente a oferta mais baixa No caso da presente licitación resulta de aplicación sobre os seguintes grupos de vinculación:

ORDENACIÓN OFERTAS	Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO (sen I.V.E.)	BAIXA
7º	14	CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.	110.891,28 €	36,79%
8º	13	CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS, S.L.	Vinculada	
11º	15	SONDEOS PORZUNA, S.L.	Vinculada	
9º	27	ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, S.L.	112.066,68 €	36,12%
10º	22	EMPRESA DE MEZCLAS ASFÁLTICAS, S.L.	Vinculada	

A determinación das ofertas económicas con valores anormais ou desproporcionados realizase mediante o procedemento previsto na cláusula 15.3.2 do PCAP segundo o suposto de 4 ou mais ofertas tendo en conta o sinalado para os grupos de vinculación:

1. Ofertas económicas dos licitadores non excluídos despois da apertura do sobre C e non vinculados

ORDENACION OFERTAS	Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO (sen I.V.E.)	BAIXA
1º	3	ANTONIO FILLOY, S.A.	99.453,04 €	43,31%
2º	21	CONSTRUCCIONES GONZALEZ Y GONZALEZ, S.L.	102.505,58 €	41,57%
3º	9	SEÑALIZACIONES LAFUENTE, S.L.	104.698,49 €	40,32%
4º	16	OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L. (OVIGA)	106.958,68 €	39,03%
5º	17	ALCOMTE GALICIA, S.L.	107.884,30 €	38,50%
6º	7	ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L.	109.115,70 €	37,80%
7º	14	CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.	110.891,28 €	36,79%
9º	27	ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, S.L.	112.066,68 €	36,12%
12º	11	MARTÍNEZ MONTES E HIJOS, S.L.	114.200,00 €	34,90%
13º	1	OBRAS Y VIALES CERNE, S.L.	114.275,00 €	34,86%
14º	20	GR CONSTRUCCIONES OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U.	116.961,17 €	33,33%
15º	18	EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L.	117.130,36 €	33,23%
16º	28	NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A. (NOSA)	117.136,70 €	33,23%
17º	26	SYR-AMG, S.L.U.	117.627,84 €	32,95%
18º	19	FRANCISCO GÓMEZ Y CIA., S.L.	117.994,00 €	32,74%
19º	12	EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L.	122.099,78 €	30,40%
20º	2	COSMALCA, S.L.	123.554,14 €	29,57%
21º	8	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	125.083,82 €	28,70%
22º	10	CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	130.000,00 €	25,90%
23º	24	HORDESCON, S.L.	130.101,21 €	25,84%
24º	5	MISTURAS OBRAS E PROXECTOS, S.A.	130.311,00 €	25,72%
25º	23	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.	131.609,94 €	24,98%
26º	25	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (MARCONSA)	140.898,96 €	19,69%
27º	4	DESMACO, S.L.	148.332,33 €	15,45%
28º	6	SAGADE 2009, S.L.	160.117,82 €	8,73%

2. Media das ofertas económicas dos licitadores non excluídos despois da apertura do sobre C e non vinculados (1ª media) 120.440,31 €

3. Valor límite das ofertas para a consideración do cálculo dunha nova media (1ª media + 6,67%) 128.473,68 €

4. Ofertas económicas que superan o valor límite e exclúense do cálculo da nova media

ORDENACIÓN OFERTAS	Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO (sen I.V.E.)	BAIXA
22º	10	CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	130.000,00 €	25,90%
23º	24	HORDESCON, S.L.	130.101,21 €	25,84%
24º	5	MISTURAS OBRAS E PROXECTOS, S.A.	130.311,00 €	25,72%
25º	23	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.	131.609,94 €	24,98%
26º	25	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (MARCONSA)	140.898,96 €	19,69%
27º	4	DESMACO, S.L.	148.332,33 €	15,45%
28º	6	SAGADE 2009, S.L.	160.117,82 €	8,73%

5. Ofertas económicas non vinculadas que non superan o valor límite para o cálculo da nova media

ORDENACIÓN OFERTAS	Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO (sen I.V.E.)	BAIXA
1º	3	ANTONIO FILLOY, S.A.	99.453,04 €	43,31%
2º	21	CONSTRUCCIONES GONZALEZ Y GONZALEZ, S.L.	102.505,58 €	41,57%
3º	9	SEÑALIZACIONES LAFUENTE, S.L.	104.698,49 €	40,32%
4º	16	OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L. (OVIGA)	106.958,68 €	39,03%
5º	17	ALCOMTE GALICIA, S.L.	107.884,30 €	38,50%
6º	7	ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L.	109.115,70 €	37,80%
7º	14	CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.	110.891,28 €	36,79%
9º	27	ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, S.L.	112.066,68 €	36,12%
12º	11	MARTÍNEZ MONTES E HIJOS, S.L.	114.200,00 €	34,90%
13º	1	OBRAS Y VIALES CERNE, S.L.	114.275,00 €	34,86%
14º	20	GR CONSTRUCCIONES OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U.	116.961,17 €	33,33%
15º	18	EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L.	117.130,36 €	33,23%
16º	28	NEMESIO ORDÓNEZ, S.A. (NOSA)	117.136,70 €	33,23%
17º	26	SYR-AMG, S.L.U.	117.627,84 €	32,95%
18º	19	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA., S.L.	117.994,00 €	32,74%
19º	12	EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L.	122.099,78 €	30,40%
20º	2	COSMALCA, S.L.	123.554,14 €	29,57%
21º	8	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	125.083,82 €	28,70%

6. Media das ofertas económicas non vinculadas que non superan o valor límite para o cálculo da mesma (2ª media) 113.313,14 €

7. Valor límite das ofertas económicas para a súa consideración como temeraria (2ª media – 6,67%) 105.755,15 €

8. Ofertas económicas inferiores ao valor límite para a súa consideración como temerarias

ORDENACIÓN OFERTAS	Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO (sen I.V.E.)	BAIXA
1º	3	ANTONIO FILLOY, S.A.	99.453,04 €	43,31%
2º	21	CONSTRUCCIONES GONZALEZ Y GONZALEZ, S.L.	102.505,58 €	41,57%
3º	9	SEÑALIZACIONES LAFUENTE, S.L.	104.698,49 €	40,32%

Conclusión

A vista do establecido no PCAP do procedemento de licitación, sométese a consideración da mesa de contratación a avaliación das seguintes ofertas económicas

presentadas en canto ao establecido no mesmo para as ofertas con valores anormais ou desproporcionados:

- ANTONIO FILLOY, S.A.
- CONSTRUCCIONES GONZALEZ Y GONZALEZ, S.L.
- SEÑALIZACIONES LAFUENTE, S.L.

Segundo o sinalado na cláusula 15.3.3 do PCAP, serán criterios obxectivos para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal dunha oferta os seguintes, para os que se deberá presentar a documentación relacionada:

1. Xustificación dos prezos ofertados

A. Materiais

a) Compra

- Carta de compromiso dos provedores.
- Prezos detallados.

b) Medios propios e/ou materiais de produción propia (por disposición de canteiras, almacén ou similares): relación detallada dos medios propios con indicación do seu custo individualizado ou prezo de venda ao público

B. Maquinaria

a) Aluguer e/ou contratación: relación da maquinaria con indicación detallada dos prezos.

b) Medios propios: relación detallada da maquinaria.

C. Oferta detallada por unidades de obra co mesmo detalle que aparece descrito no proxecto técnico.

2. Volume de obra

Neste caso, o licitador que presentou a oferta con valores anormais ou desproporcionados deberá xustificar a relación existente entre as obras que teña contratadas ou en execución e os medios persoais e materiais que dispón e determinar como incide esta relación nos prezos ofertados.

3. Relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada

Xustificarse mediante a achega da nómina do persoal laboral fixo e declaración responsable da obra en execución.

Ademais do sinalado no PCAP, o técnico que subscribe solicita que sexa incluído nos requirimentos aos licitadores que *“só se aceptarán como elementos a avaliar das xustificacións presentadas aqueles que estean acreditados e debidamente documentados”*.

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2017

O Enxeñeiro de Camiños municipal,



Asdo.: Miguel Fernández Solís



CONCELLO DE SANTIAGO

ORDENACIÓN OFERTAS	Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO (sen I.V.E.)	BAIXA	EXCLUSIÓN 2ª MEDIA	OFERTAS TEMERARIAS
1º	3	ANTONIO FILLOY, S.A.	99.453,04 €	43,31%		
2º	21	CONSTRUCCIONES GONZALEZ Y GONZALEZ, S.L.	102.505,58 €	41,57%		Temeraria
3º	9	SEÑALIZACIONES LAFUENTE, S.L.	104.698,49 €	40,32%		Temeraria
4º	16	OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L. (OVIGA)	106.958,68 €	39,03%		Temeraria
5º	17	ALCOMTE GALICIA, S.L.	107.884,30 €	38,50%		
6º	7	ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L.	109.115,70 €	37,80%		
7º	14	CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.	110.891,28 €	36,79%		
8º	13	CONSTRUCCIONES J. MAURIE HIJOS, S.L.	111.645,64 €	36,36%		
9º	27	ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, S.L.	112.066,68 €	36,12%		
10º	22	EMPRESA DE MEZCLAS ASFÁLTICAS, S.L.	112.610,53 €	35,81%	Vinculada	
11º	15	SONDEOS PORZUNA, S.L.	112.821,05 €	35,69%		
12º	11	MARTINEZ MONTES E HIJOS, S.L.	114.200,00 €	34,90%		
13º	1	OBRAS Y VIALES CERNE, S.L.	114.275,00 €	34,86%		
14º	20	GR CONSTRUCCIONES OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U.	116.961,17 €	33,33%		
15º	18	EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L.	117.130,36 €	33,23%		
16º	28	NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A. (NOSA)	117.136,70 €	33,23%		
17º	26	SYR-AMG, S.L.U.	117.627,84 €	32,95%		
18º	19	FRANCISCO GÓMEZ Y CIA, S.L.	117.994,00 €	32,74%		
19º	12	EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L.	122.099,78 €	30,40%		
20º	2	COSMALCA, S.L.	123.554,14 €	29,57%		
21º	8	EULOGIO VINAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	125.083,82 €	28,70%		
22º	10	CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	130.000,00 €	25,90%		
23º	24	HORDESCON, S.L.	130.101,21 €	25,84%	Excluir	
24º	5	MISTURAS OBRAS E PROXECTOS, S.A.	130.311,00 €	25,72%	Excluir	
25º	23	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.	131.609,94 €	24,98%	Excluir	
26º	25	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (MARCÓNESA)	140.898,96 €	19,69%	Excluir	
27º	4	DESMACO, S.L.	148.332,33 €	15,45%	Excluir	
28º	6	SAGADE 2009, S.L.	160.117,82 €	8,73%	Excluir	

Orzamento I.V.E. incluído (anexo I.3.A): 212.274,09 €

Orzamento base (sen 21% de I.V.E.): 175.433,13 €


Prazo de execución (anexo I.6): 4 meses

Media das ofertas económicas non excluídas e non vinculadas (1ª media): 120.440,31 € 31,35%

Valor límite cálculo 2ª media segundo cláusula 15.3.2.4 (+6,67%): 128.473,68 € 26,77%

Media das ofertas non excluídas e non vinculadas inferiores ao límite para 2ª media: 113.313,14 € 35,41%

Valor límite ofertas temerarias segundo cláusula 15.3.2.4 (-6,67%): 105.755,15 € 39,72%



Expediente: Obras de "Mellora e rehabilitación de pavimentos en vias das parroquias de Sabugueira, Figueiras e Marrozos" (POS-2016 complementario)

Asunto: Análise documentacións xustificación ofertas económicas anormais ou desproporcionadas

INFORME TÉCNICO

Obxecto

Redáctase o presente informe técnico para o análise das documentacións presentadas por ANTONIO FILLOY, S.A., CONSTRUCCIONES GONZÁLEZ Y GONZÁLEZ, S.L. y SEÑALIZACIONES LAFUENTE, S.L. como xustificación das súas ofertas económicas presentadas no procedemento de contratación das obras de "**Mellora e rehabilitación de pavimentos en vias das parroquias de Sabugueira, Figueiras e Marrozos**", incluídas no POS-2016 complementario da Excm. Deputación Provincial da Coruña, de acordo co seu Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) e coa documentación do expediente de referencia CON/43/2017.

Antecedentes

Con data 14/11/2017 se informou que as ofertas económicas dos anteditos licitadores encóntranse en situación de "*ofertas con valores anormais ou desproporcionados*" nos termos establecidos na cláusula 15.3.2 do PCAP.

Con data 22/11/2017 recibíuse do Servizo de Contratación de Obras e Servizos a seguinte documentación presentada a tal efecto:

ORDENACIÓN OFERTAS	Nº DE ORDE	PRESENTACIÓN		LICITADOR
		DATA	REXISTRO	
1º	3	20/11/2017	50.965	ANTONIO FILLOY, S.A.
2º	21	20/11/2017	50.964	CONSTRUCCIONES GONZÁLEZ Y GONZÁLEZ, S.L.
3º	9	21/11/2017	51.119	SEÑALIZACIONES LAFUENTE, S.L.

Segundo o sinalado na cláusula 15.3.3 do PCAP, son criterios obxectivos para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal dunha oferta os seguintes, para os que se deberá presentar a documentación relacionada:

1. Xustificación dos prezos ofertados

A. Materiais

a) Compra

- Carta de compromiso dos provedores.
- Prezos detallados.

b) Medios propios e/ou materiais de produción propia (por disposición de canteiras, almacén ou similares): relación detallada dos medios propios con indicación do seu custo individualizado ou prezo de venda ao público

B. Maquinaria

- a) Aluguer e/ou contratación: relación da maquinaria con indicación detallada dos prezos.
- b) Medios propios: relación detallada da maquinaria.

C. Oferta detallada por unidades de obra co mesmo detalle que aparece descrito no proxecto técnico.

2. Volume de obra

Neste caso, o licitador que presentou a oferta con valores anormais ou desproporcionados deberá xustificar a relación existente entre as obras que teña contratadas ou en execución e os medios persoais e materiais que dispón e determinar como incide esta relación nos prezos ofertados.

3. Relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada

Xustificarase mediante a achega da nómina do persoal laboral fixo e declaración responsable da obra en execución.

Descrición das obras licitadas

De acordo co proxecto construtivo que figura no perfil do contratante da páxina web oficial do Concello, as obras consisten no acondicionamento e mellora do firme nos viais proxectados mediante regas asfálticas e as actuacións que sexan necesarias en cada caso en relación as gabias de bordo existentes e a mellora de algunhas distas executando os correspondentes tubos de formigón enterrados.

Análise técnico das xustificacións presentadas

En anexo ao presente informe, incorpórase o análise individualizado e pormenorizado da documentación presentada por cada un dos licitadores, tendo en conta a documentación requirida segundo o establecido na cláusula 15.3.3 do PCAP.

Conclusión

Propónse á mesa de contratación a desestimación de todas as ofertas económicas analizadas por ser anormais ou desproporcionadas polos seguintes motivos:

- ANTONIO FILLOY, S.A.
Non pode informarse favorablemente a xustificación da oferta económica presentada polo licitador segundo os argumentos expostos ao longo do seu análise pormenorizado.
- CONSTRUCCIONES GONZÁLEZ Y GONZÁLEZ, S.L.
Non pode informarse favorablemente a xustificación da oferta económica presentada polo licitador segundo os argumentos expostos ao longo do seu análise pormenorizado.
- SEÑALIZACIONES LAFUENTE, S.L.
Non pode informarse favorablemente a xustificación da oferta económica presentada polo licitador segundo os argumentos expostos ao longo do seu análise pormenorizado. A vista da documentación aportada (subcontratación e maquinaria en propiedade), o licitador non

ten capacidade técnica para executar a totalidade das obras licitadas. Ademais, a xustificación da oferta económica é a de CONSTRUCCIONES GONZÁLEZ Y GONZÁLEZ, S.L. e non a correspondente a súa proposición económica.

Finalmente, sinalar que a estrutura e contidos da documentación presentada polos tres licitadores é moi similar entre elas e, incluso, en partes está copiada integramente ata o punto de equivocarse un dos licitadores (SEÑALIZACIONES LAFUENTE, S.L.) na xustificación da súa propia proposición económica ofertada e que un dos licitadores (ANTONIO FILLOY, S.A.) oferta á os outros dous (CONSTRUCCIONES GONZÁLEZ Y GONZÁLEZ, S.L. e SEÑALIZACIONES LAFUENTE, S.L.) en réxime de subcontratación a perda a execución das unidades de obra do pavimento de rodaxe do proxecto que constitúen o núcleo da actuación licitada. En consecuencia, se informa á mesa de contratación, aos efectos oportunos, de que existen indicios respecto a que os tres licitadores puideron coordinar respectivamente entre eles as documentacións presentadas.

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2017

O Enxeñeiro de Camiños municipal,

Asdo. Miguel Fernández Solís

ANÁLISE TÉCNICO DAS XUSTIFICACIÓNS PRESENTADAS

ANTONIO FILLOY, S.A.

Procedese ao análise da documentación presentada polo licitador tendo en conta a documentación e as determinacións establecidas na cláusula 15.3.3 do PCAP:

1. Xustificación dos prezos ofertados

A. Materiais

a) Compra

Achega documentación de subministro dos seguintes materiais:

- Emulsións bituminosas

O documento presentado non é unha carta de compromiso porque non figura na mesma a identidade do subministrador ofertante, non está asinado e non se vincula a obra licitada. Ademais, o documento non é orixinal porque está editado dentro da documentación aportada polo licitador.

Nas condicións de venta figura que o prezo é revisable en función das condicións xerais do mercado, polo que non se estable que o prezo ofertado para os subministros sexa fixo para a obra licitada.

As emulsións indicadas no documento (C65B2 e C69B2) non é a prevista no proxecto (C65B3).

Polo tanto, non pode aceptarse o documento presentado polos motivos apuntados.

- Áridos (Canteras de Richinol, S.L.)

Achega un listado de prezos de subministro de distintos tipos de áridos en canteira. O documento presentado é de data 06/05/2016 e cunha validez de 90 días. En consecuencia, non pode aceptarse o mesmo por non corresponderse coa actuación licitada.

A vista do antedito, o licitador non acredita nos termos sinalados no PCAP ningún dos materiais previstos no proxecto.

b) Medios propios e/ou materiais de produción propia (por disposición de canteiras, almacén ou similares): non achega documentación.

B. Maquinaria

a) Aluguer e/ou contratación: manifesta que non dispoñerá de maquinaria en aluguer.

b) Medios propios

Achega unicamente un listado xeral coa tipoloxía e especificacións básicas da maquinaria en propiedade. Non acredita de maneira fidedigna o listado presentado.

Non achega un estudo dos custos da maquinaria a utilizar na execución das obras (amortizacións, combustibles, consumibles, mantementos, condutores, seguros, impostos, etc.).

C. Oferta detallada por unidades de obra

Presenta o cadro de prezos nº 2 do proxecto modificando os custos das súas partidas xenéricas (materiais, maquinaria mano de obra, seguridade e saúde, varios e custos indirectos). En ningún caso acredita o cálculo dos custos presentados nin aporta unha descomposición detallada das unidades de obra como figura no anexo de prezos descompostos do proxecto.

Polo tanto, todos os prezos utilizados polo licitador (materiais, maquinaria e man de obra) non está debidamente acreditados e fundamentados, polo que non pode validarse ningún estudo de custos realizados con os mesmos.

Por outra banda, o seu estudo de custos é moi simple e agregado en non se corresponde co establecido no PCAP (oferta detallada por unidades de obra con mesmo detalle que aparece descrito no proxecto técnico), polo que resulta imposible verificar a súa validez.

Sinala que os seus gastos xerais son dun 2% pero non acredita dito porcentaxe e establece un beneficio industrial do 3,50%.

2. Volume de obra

Manifesta, sen acreditar, que so ten 2 contratos en curso co Concello de Arzúa por un importe total de 34.976,00 €, que conta só con 4 traballadores fixos e relaciona o parque de maquinaria da empresa.

Para xustificar a relación existente entre as obras que ten contratadas ou en execución e os medios persoais e materiais que dispón e determinar como incide esta relación nos prezos ofertados, unicamente manifesta que os contratos en curso supón un máximo de 10 días de traballo e que ten sobrada dispoñibilidade para a execución das obras licitadas.

Sinala que por dispor dunha carteira de obra moi reducida está nunha situación de urxencia por contratar obra que opta por ofertar con marxes moi reducidos posto que perde cartos debido aos gastos fixos da empresa.


Non xustifica a relación existente entre as obras que ten contratadas ou en execución e os medios persoais e materiais que dispón nin determina como incide esta relación nos prezos ofertados.

3. Relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada

Achega unha relación acreditada do seu persoal (4 traballadores fixos a tempo completo e 1 traballador fixo a tempo parcial), a cotización empresarial a Seguridade Social do mes de setembro de 2017, ás nóminas do mes de outubro de 2017 e unha declaración responsable da obra en execución.

Non xustifica a relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada.

O licitador oferta en réxime de subcontratación para os outros dos licitadores (CONSTRUCCIONES GONZÁLEZ Y GONZÁLEZ, S.L. e SEÑALIZACIONES LAFUENTE, S.L.), a execución das unidades de obra de tratamentos superficiais mediante



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

regas asfálticos con áridos e emulsións bituminosas cos mesmos prezos que os seus custos directos sen ter en conta os seus gastos xerais nin xerar beneficio industrial. Polo tanto pode deducirse que oferta a perda.

Sinalar tamén que a estrutura e contidos da documentación presentada é moi similar as presentadas polos outros dous licitadores (CONSTRUCCIONES GONZÁLEZ Y GONZÁLEZ, S.L. e SEÑALIZACIONES LAFUENTE, S.L.).

En conclusión, a vista do antedito, non pode informarse favorablemente a xustificación da oferta económica presentada polo licitador, polo que se propón á mesa de contratación a súa desestimación por ser anormal ou desproporcionada.

13

CONSTRUCCIONES GONZÁLEZ Y GONZÁLEZ, S.L.

Procedese ao análise da documentación presentada polo licitador tendo en conta a documentación e as determinacións establecidas na cláusula 15.3.3 do PCAP:

1. Xustificación dos prezos ofertados

A. Materiais

a) Compra

Aporta unha oferta económica do licitador ANTONIO FILLOY, S.A. para a execución das unidades de obra de tratamentos superficiais mediante regas asfálticos con áridos e emulsións bituminosas. A sinatura do documento presentado é unha imaxe incrustada e non é orixinal e non figura nin logotipo nin selo do ofertante. Os prezos para as unidades de obra do ofertante son os mesmos que os que establece na xustificación da súa baixa como licitador, sen engadir gastos xerais e beneficio industrial. É dicir, o ofertante só cubre os seus supostos custos directos sen ter en conta os seus gastos xerais nin xerar beneficio industrial. Polo tanto pode deducirse que oferta a perda. Ademais, ao tratarse de unidades de obra completas deben xustificarse co mesmo detalle que aparece descrito no proxecto técnico e non é o caso.

A vista do antedito, o licitador non acredita nos termos sinalados no PCAP ningún dos materiais previstos no proxecto.

b) Medios propios e/ou materiais de produción propia (por disposición de canteiras, almacén ou similares): non achega documentación.

B. Maquinaria

a) Aluguer e/ou contratación: manifesta que non dispoñerá de maquinaria en aluguer.

b) Medios propios

Achega unicamente un listado xeral coa tipoloxía e especificacións básicas da maquinaria en propiedade. Non acredita de maneira fidedigna o listado presentado.

Non achega un estudo dos custos da maquinaria a utilizar na execución das obras (amortizacións, combustibles, consumibles, mantementos, condutores, seguros, impostos, etc.).

Respecto a unidade de obra de *"tapado de fochas con grava + rega semiprofunda"*, non figura na oferta de subcontratación e non consta maquinaria en propiedade ou en aluguer para a súa execución.

C. Oferta detallada por unidades de obra

Para as unidades de obra a executar co seus medios, presenta o cadro de prezos nº 2 do proxecto modificando os custos das súas partidas xenéricas (materiais, maquinaria mano de obra, seguridade e saúde, varios e custos indirectos). Para as unidades de obra a subcontratar non aporta xustificación detallada. En ningún caso acredita o cálculo dos custos presentados nin aporta unha descomposición detallada das unidades de obra como figura no anexo de prezos descompostos do proxecto.

Polo tanto, todos os prezos utilizados polo licitador (materiais, maquinaria e man de obra) non está debidamente acreditados e fundamentados, polo que non pode validarse ningún estudo de custos realizados con os mesmos.

Por outra banda, o seu estudo de custos é moi simple e agregado en non se corresponde co establecido no PCAP (oferta detallada por unidades de obra con mesmo detalle que aparece descrito no proxecto técnico), polo que resulta imposible verificar a súa validez.

Sinala que os seus gastos xerais son dun 2% pero non acredita dito porcentaxe e establece un beneficio industrial do 7,04% superior ao previsto na licitación (6%).

2. Volume de obra

Aporta, sen acreditar, un listado de 5 contratos en curso coa Administración por un importe de adxudicación de 307.728,95 € e que conta con 2 xerentes, 6 traballadores fixos e 1 traballador temporal.

Para xustificar a relación existente entre as obras que ten contratadas ou en execución e os medios persoais e materiais que dispón e determinar como incide esta relación nos prezos ofertados, unicamente manifesta que cos medidos da empresa pode ofertar con marxes moi reducidos. Con todo, na xustificación da súa oferta económica especifica un marxe superior ao establecido no proxecto.

Non xustifica a relación existente entre as obras que ten contratadas ou en execución e os medios persoais e materiais que dispón nin determina como incide esta relación nos prezos ofertados.

3. Relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada

Aporta a liquidación individual da nómina dos seus traballadores do mes de outubro de 2017 e unha declaración responsable da obra en execución.

Non xustifica a relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada.

Sinalar que a estrutura e contidos da documentación presentada é moi similar as presentadas polos outros dous licitadores (ANTONIO FILLOY, S.A. e SEÑALIZACIONES LAFUENTE, S.L.).

En conclusión, a vista do antedito, non pode informarse favorablemente a xustificación da oferta económica presentada polo licitador, polo que se propón á mesa de contratación a súa desestimación por ser anormal ou desproporcionada.



SEÑALIZACIONES LAFUENTE, S.L.

Procedese ao análise da documentación presentada polo licitador tendo en conta a documentación e as determinacións establecidas na cláusula 15.3.3 do PCAP:

1. Xustificación dos prezos ofertados

A. Materiais

a) Compra

Aporta unha oferta económica do licitador ANTONIO FILLOY, S.A. para a execución das unidades de obra de tratamentos superficiais mediante regas asfálticos con áridos e emulsións bituminosas. Ademais, o documento non é orixinal porque está editado dentro da documentación aportada polo licitador, a sinatura no mesmo é unha imaxe en branco e negro incrustada e non é orixinal e non figura nin logotipo nin selo do ofertante. Os prezos para as unidades de obra do ofertante son os mesmos que os que establece na xustificación da súa baixa como licitador, sen engadir gastos xerais e beneficio industrial. É dicir, o ofertante só cubre os seus supostos custos directos sen ter en conta os seus gastos xerais nin xerar beneficio industrial. Polo tanto pode deducirse que oferta a perda. Ademais, ao tratarse de unidades de obra completas deben xustificarse co mesmo detalle que aparece descrito no proxecto técnico e non é o caso.

A vista do antedito, o licitador non acredita nos termos sinalados no PCAP ningún dos materiais previstos no proxecto.

b) Medios propios e/ou materiais de produción propia (por disposición de canteiras, almacén ou similares): non achega documentación.

B. Maquinaria

a) Aluguer e/ou contratación: manifesta que non dispoñerá de maquinaria en aluguer.

b) Medios propios

Achega unicamente un listado xeral moi básico da maquinaria en propiedade, sen aportar documentación acreditativa. A maquinaria en propiedade é específica para a realización de sinalización horizontal viaria e non permite a execución de ningunha das unidades de obra previstas no proxecto.

Non achega un estudo dos custos da maquinaria a utilizar na execución das obras (amortizacións, combustibles, consumibles, mantementos, condutores, seguros, impostos, etc.).

Respecto as unidades de obra de escavacións e preparación de explanadas e a unidade de obra de *"tapado de fochas con grava + rega semiprofunda"*, que non figura na oferta de subcontratación, non consta maquinaria en propiedade ou en aluguer para a súa execución.

C. Oferta detallada por unidades de obra

Para as unidades de obra a executar co seus medios, presenta o cadro de prezos nº 2 do proxecto modificando os custos das súas partidas xenéricas (materiais, maquinaria mano de obra, seguridade e saúde, varios e custos indirectos). Para as



unidades de obra a subcontratar non aporta xustificación detallada. En ningún caso acredita o cálculo dos custos presentados nin aporta unha descomposición detallada das unidades de obra como figura no anexo de prezos descompostos do proxecto.

Polo tanto, todos os prezos utilizados polo licitador (materiais, maquinaria e man de obra) non está debidamente acreditados e fundamentados, polo que non pode validarse ningún estudo de custos realizados con os mesmos.

Por outra banda, o seu estudo de custos é moi simple e agregado en non se corresponde co establecido no PCAP (oferta detallada por unidades de obra con mesmo detalle que aparece descrito no proxecto técnico), polo que resulta imposible verificar a súa validez.

Sinala que os seus gastos xerais son dun 2% pero non acredita dito porcentaxe e establece un beneficio industrial do 7,04% superior ao previsto na licitación (6%).

Sinalar que o resultado que obtén como "*importe ofertado en base*" é de 102.505,58 € e non coincide coa súa proposición económica ofertada (104.698,49 €). Dito importe calculado é o mesmo que o ofertado por CONSTRUCCIONES GONZÁLEZ Y GONZÁLEZ, S.L. Comparados os estudos de custos presentados por ambos dous licitadores resulta que o estudo presentado por SEÑALIZACIONES LAFUENTE, S.L. é idéntico ao presentado por CONSTRUCCIONES GONZÁLEZ Y GONZÁLEZ, S.L. e, ademais, non se corresponde coa súa proposición económica.

2. Volume de obra

Manifesta, sen acreditar, que so ten 1 contrato en curso (sen especificar se é de obra) con outra empresa por un importe total de 49.047,38 € sen IVE, que conta con 5 traballadores fixos e 5 traballadores temporais.

Para xustificar a relación existente entre "os contratos" que ten en curso e os medios persoais e materiais que dispón e determinar como incide esta relación nos prezos ofertados, unicamente manifesta que os mesmos supón un máximo de 10 días de traballo e que ten sobrada dispoñibilidade para a execución das obras licitadas.

Sinala que cos medidos da empresa pode ofertar con marxes moi reducidos. Con todo, na xustificación da súa oferta económica especifica un marxe superior ao establecido no proxecto.

Non xustifica a relación existente entre as obras que ten contratadas ou en execución e os medios persoais e materiais que dispón nin determina como incide esta relación nos prezos ofertados.

4. Relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada

Achega unha relación acreditada do seu persoal (4 traballadores fixos a tempo completo e 1 traballador fixos a tempo parcial), a cotización empresarial a Seguridade Social do mes de setembro de 2017, ás nóminas do mes de outubro de 2017 e unha declaración responsable da obra en execución.

Non xustifica a relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada.

3. Relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada

Achega a cotización empresarial a Seguridade Social do mes de setembro de 2017 e unha declaración responsable da obra en execución.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Non xustifica a relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada.

Sinalar que a estrutura e contidos da documentación presentada é moi similar as presentadas polos outros dous licitadores (ANTONIO FILLOY, S.A. e CONSTRUCCIONES GONZÁLEZ Y GONZÁLEZ, S.L.). Ademais, a xustificación da oferta económica é a de CONSTRUCCIONES GONZÁLEZ Y GONZÁLEZ, S.L. e non a correspondente a súa proposición económica.

En conclusión, a vista do antedito, non pode informarse favorablemente a xustificación da oferta económica presentada polo licitador, polo que se propón á mesa de contratación a súa desestimación por ser anormal ou desproporcionada. Ademais, a vista da documentación aportada (subcontratación e maquinaria en propiedade), o licitador non ten capacidade técnica para executar a totalidade das obras licitadas.